



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE UN POSTO DE OPERADOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DO CONCELLO DE IRIXOA. PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO ANO 2026.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de **UN posto de OPERADOR DE MAQUINARIA AGRÍCOLA** do Concello Irixoa

Na selección e contratación terase en conta a Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento:TR351G). (DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2026),

Esta convocatoria vai dirixida a persoas **desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.**

Esta circunstancia deberase cumprir tanto no momento da selección coma na da formalización do contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego.

O concello é o responsable de comprobar que, no momento do inicio da relación laboral, a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada e dispoñible para o emprego.

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como os colectivos que se describen no art. 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e procédese á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G) (DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2026),

2.- TIPO DE CONTRATO E DURACIÓN.

O contrato laboral que se realizará ca persoa seleccionada, será de duración determinada a xornada completa e cuxa duración de nove meses, baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego (DA novena da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego), código de contrato 405.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a venres, adaptarase as necesidades do servizo.

3.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO.

- **Número de postos de traballo: 1 (un)**
- **Clase:** persoal laboral temporal xornada completa
- Os aspirantes deben posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- **Denominación do posto:** operador de maquinaria agrícola (CNAE 8321)
- **Funcións:** labores típicas do posto, especialmente desbroce e limpeza de pistas para evitar riscos de incendio.
- **Retribucións brutas mensuais: 1.600,00 €** (paga extra prorrateada incluída),
- **Duración do contrato:** 9 meses
- **Xornada:** 100%
- **Grupo de cotización:** 8

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- a) Ser español ou española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou cónxuxe dun ou dunha español ou nacional de algún estado membro da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteun anos ou maiores de dita idade dependentes. Tamén nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores ou traballadoras. Demais estranxeiros ou estranxeiras residentes legalmente en territorio español de acordo ó establecido na Lei orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ó posto de traballo.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado ou separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

- equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
 - f) Ter a condición de demandante de emprego acreditada polo Servizo Público de Emprego de Galicia (demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego)
 - g) Figurar na relación de currículos que envía a Oficina de Emprego de Betanzos ao Concello de Irixoa para oferta presentada en relación con esta contratación
 - h) Non ter sido contratado no programa Aprod Rural por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE), como é o caso de Irixoa.
 - i) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou equivalente. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).
 - j) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con discapacidade que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

5.- CONVOCATORIA E INSTANCIAS.

1.- O Concello de Irixoa dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección por anuncios no Taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

2.-O concello, dende o servizo de emprego, debe realizar a selección mediante a presentación de oferta ao Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), nos modelos normalizados para o efecto, segundo o procedemento descrito no art. 14.4 da Orde reguladora da subvención. Recibida no Concello a listaxe de candidatos/as remitidos polo SPEG, xunto cos seus curriculum vitae, abrírase o prazo de presentación de solicitudes, previa comunicación telefónica deste dato aos aspirantes preseleccionados polo SPEG.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

3.-As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse o modelo que figura no **Anexo I** desta convocatoria, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **2 días hábiles** contados dende o día seguinte a aquel no que se comunique as persoas candidatas que o seu curriculum vitae foi remitido polo SPEG, oficina de Betanzos.

Na data de presentación de solicitudes, os/as candidatos/as deberán reunir todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria. Os/as aspirantes con algunha discapacidade deberán indica-lo na súa solicitude, e de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das probas, de ser necesario.

4.-As instancias (ANEXO I) dirixiranse ao alcalde do Concello de Irixoa, e presentarase no Rexistro Xeral do Concello, ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, e deberá ir inexcusamente **acompañada da seguinte documentación:**

1. Documento Nacional de Identidade, ou resguardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de se este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor.No caso de presentar copia simple esta administración poderá pedir en calquer momento o orixinal.
2. Documentación acreditativa de estar desempregado/a no momento da selección.
3. Copia do título de Celga 1 ou equivalente, se é o caso.
4. Copia do permiso de conducir B1.

5.- As persoas aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha copia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que a persoa aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

As demais persoas aspirantes estranxeiras, xunto coa copia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitadas a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

6.-Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal as persoas aspirantes que finalmente sexan seleccionadas. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

7.-As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

6.-ADMISION DOS ASPIRANTES.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Irixoa e no taboleiro do concello.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non existir aspirantes excluídos.

2.-No caso de que existan persoas aspirantes excluídas, así como persoas omitidas na relación de admitidas ou excluídas, disporán dun prazo de 2 **días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3.-No caso de producirse reclamacións, ditarase unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, elaborando unha nova listaxe definitiva, que será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas da realización das probas.

4.-O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

Na mesma resolución a Presidencia da Corporación, determinará o lugar, hora e data de comezo da proba práctica da fase de oposición, e tamén a proba de galego, en caso de que os aspirantes a tiveran que realizar.

7.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN

1.-O Tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso designarase conforme ao estipulado no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 4.e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Tódolos e tódalas vogais deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para o acceso á praza convocada.

O/A Presidente do Tribunal poderá dispoñer a incorporación ao Tribunal doutros ou doutras asesores especialistas para as probas que consideren pertinentes, limitándose estes ou estas a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, e actuando con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándolle á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os e as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 24 da mesma lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, e resultando, en todo caso, imprescindible a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario, para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demais aspirantes.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do Presidente.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

Os membros do Tribunal, titulares ou suplentes, que actúen nestas probas percibirán as gratificacións correspondentes de cumprirse co disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

8.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS

1.- As persoas aspirantes serán citadas para o día sinalado para a realización das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, as persoas aspirantes serán chamadas de acordo coa Resolución do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 16, do 26 de xaneiro de 2026) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra <<M>>. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.-As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamada única. A non presentación a calquera dos exercicios no momento de seren chamadas comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate e nos sucesivos e, quedará excluído do proceso selectivo.

Malia o anterior, nos supostos de caso fortuíto ou forza maior que impidise a presentación das persoas aspirantes no momento previsto, sempre que estea debidamente xustificado e así o aprecie o Tribunal, poderase examinar ás persoas aspirantes afectadas por estas circunstancias, sempre que non rematase a proba correspondente ou de rematar esta, cando non se entorpeza o desenvolvemento da convocatoria con prexuízo para o interese xeral ou de terceiros.

4.-Para as persoas con discapacidade que o soliciten na instancia, estableceranse as adaptacións posibles de tempo e medios que lles permitan a axeitada realización das probas.

9.- SISTEMA E CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o de oposición.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

FASE DE OPOSICIÓN (puntuación máxima 10 **puntos**): de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O procedemento empregado para a selección dos e das candidatos/as, consistirá no desenvolvemento dunha proba práctica, de duración máxima de vinte minutos, que estará relacionada co posto de traballo a cubrir e funcións a desenvolver, concretamente co manexo da maquinaria propios do posto a cubrir (tractor con desbrozadora de brazo)

As persoas aspirantes serán convocadas para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI e permiso de conducir B1 en vigor. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamadas comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedarán excluídas do proceso selectivo.

A **proba práctica consistirá na conducción do tractor con desbrozadora** ó longo dun percorrido que será fixado polo tribunal, co fin de avaliar os coñecementos e pericia no manexo do citado vehículo. A designación de cada tramo aos aspirantes farase polo tribunal que procurará que os tramos asignados a cada aspirante sexan equitativos.

Na proba se valorará o coñecemento das medidas de seguridade, a habilidade e destreza no manexo da desbrozadora e o resultado acadado na execución do desbroce. Será necesario acadar unha puntuación **mínima de 5 puntos** para superar a proba e continuar no proceso selectivo.

Proba de galego: Aqueles persoas aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 ou equivalente solicitada nestas bases realizarán unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto.

A cualificación na proba como non apto supón a exclusión da persoa candidata do procedemento de selección.

10.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO

1.-Concluído o procedemento selectivo, o Tribunal realizará unha proposta de nomeamento a favor daqueles candidatos ou candidatas que obtiveran a maior puntuación no proceso de selección detallando a puntuación obtida en orde



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

decrecente, e será elevada ao alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo.

No caso de que persista o empate, resolverase tendo en conta ao candidato/a que leve mais tempo como demandante de emprego. De non ser posible desfacer o empate decidírase por sorteo.

2.-O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha bolsa de traballo, na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobadas por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, incapacidade temporal ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato de traballo, ou no caso de formalizar o contrato de traballo, se dera calquera das situacións anteriormente descritas ademais de ausencias, permisos, vacacións, licenzas, etc., o órgano convocante poderá substituíla pola seguinte na orde de puntuación da bolsa de traballo, segundo a orde de puntuación acadada, de conformidade co previsto no art. 61.8 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

3.-A acta de valoración do tribunal será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Irixoa e substituirá ás notificacións individuais as persoas interesadas, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015. Os candidatos/as terán un prazo de dous días para presentar reclamacións transcorrido o cal, o tribunal propondrá á alcaldía a contratación da persoa que acade maior puntuación.

11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1.-Concederáse un prazo de **tres días hábiles** dende a publicación da acta do tribunal coa proposta de contratación para que os candidatos presenten:

- Certificación/informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a firma do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

- Documento no que conste número de afiliación á Seguridade Social ou copia da tarxeta sanitaria do servizo público de saúde.
- Acreditación da súa situación como demandante de emprego acreditada polo Servizo Público de Emprego de Galicia **actualizado** para o inicio da relación laboral.

2.-A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na instancia presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante e, xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación coa persoa aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

12.-DESIGNACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

1.-Presentada a documentación polas persoas interesadas, e sendo a mesma conforme, o Sr. Alcalde procederá á dicta resolución co nomeamento das persoas aspirantes seleccionadas e á formalización dos correspondentes contratos laborais.

2.-Establécese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

3.-En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, a persoa seleccionada non terá dereito a prestación económica algunha.

4.-Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

5.- Os contratos de traballo suscritos deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica “interés social corporacións locais” que figura no apartado “Datos específicos do contrato”

13.- NORMA FINAL

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos caso e na forma establecida pola Lei de procedemento



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

administrativo común das Administracións Públicas e na Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

ANEXO I. Modelo de solicitude

D./D.^a _____, con DNI/NIE _____, e domicilio a efectos de notificación en _____, con número de teléfono teléfono _____ e dirección de correo electrónico email. _____

EXPÓN:

Que, enterado/a da convocatoria para a provisión persoal laboral temporal de un operario de maquinaria agrícola (programa Galicia Suma Talento: Rural activo 2026) considera que reúne todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da convocatoria.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.— Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da presente convocatoria.

Segundo.— Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.— Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que fora separado/a ou inhabilitado/a.

Cuarto.- Que a documentación aportada é orixinal ou no suposto de ser copia, aportarase orixinal en calquer momento do procedemento en que o solicite a Administración.

SOLICITA:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

A súa admisión ás probas de referencia, para o que acompaña a seguinte documentación, declarando coñecer e aceptar as Bases que rexen a presente convocatoria e comprometéndose ao seu cumprimento.

ACOMPaña:

Copia do DNI/NIE.

Copia do carné de conducir

Documentación acreditativa de estar desempleado/a no momento da selección.

Copia do título de Celga 1 ou equivalente, se é o caso.

En Irixoa, a data.

Asdo.:

SR./SRA. ALCALDE/SA DO CONCELLO DE IRIXOA